



A Cátedra R volve patrocinar CIBER.gal para seguir achegándolle a Ciberseguridade á sociedade galega

- *O nodo da Administración galega a prol da seguridade dixital conta de novo coa Cátedra R como patrocinadora VIP de CIBER.gal, evento dirixido á sociedade galega que se desenvolve mañá mércores e o xoves 10 na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.*
- *Ao tempo, a Cátedra R participa activamente nesta segunda edición de CIBER.gal cun obradoiro de análise forense de imaxes e coa organización, xunto ao centro tecnolóxico Gradient, da competición 'Capture de Flag'.*
- *Na xornada do xoves entregaranse os IV galardóns da Cátedra R en Ciberseguridade, que este ano inclúen un novo premio á investigación en colaboración coa empresa.*
- *Concienciadas dos requirimentos actuais do contexto dixital, máis de 7.000 empresas pequenas e medianas dispoñen xa dos servizos de Ciberseguridade do operador galego R, con accesos a internet dotados de solucións avanzadas para asegurar os dispositivos e a información sensible e fundamental da empresa.*
- *O nodo CIBER.gal diríxese a empresas, cidadanía e administración para difundir contidos sobre Ciberseguridade, afrontar ameazas do contexto dixital, impulsar a industria nesta materia e fomentar a creación de talento, ideas aliñadas cos obxectivos da Cátedra R.*
- *Coa súa presenza e patrocinio da segunda edición de CIBER.gal, a Cátedra R ratifica un ano máis a súa aposta por seguir traballando con institucións públicas e privadas na divulgación de coñecemento e experiencia sobre Ciberseguridade.*

Martes, 8 de novembro de 2022.- Nesta segunda edición de CIBER.gal, foro da Xunta de Galicia a prol da seguridade dixital, a Cátedra R en Ciberseguridade colabora como patrocinadora de primeiro nivel e participa activamente con actividades diversas durante as xornadas de mañá mércores, 9 de novembro e do xoves 10, días de celebración do evento no edificio Fontán da Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela.

Durante ambas as dúas xornadas e pensando en empresas, cidadanía e administración, desenvolveranse talleres híbridos, charlas divulgativas, paneis de debate, concursos e outras actividades, co propósito de lle achegar valor á Ciberseguridade, de impulsala e reforzala para previr os riscos inherentes á contorna dixital. Xunto a esta meta primeira, outros obxectivos esenciais do encontro como os de trasladar o coñecemento e a actualidade da seguridade da información, empurrar a industria da Ciberseguridade e fomentar a creación de talento neste eido. <https://gaiastech.xunta.gal/gl/nodos/cibergal>

Talleres, concursos e premios coa Cátedra R

Ademais do patrocinio VIP do evento, A Cátedra R toma parte activa neste segundo foro de Ciberseguridade da administración autonómica cun **obradoiro forense de imaxes** dirixido a estudantes de FP de Grao Superior, Cursos de Especialización e graos de mestrados universitarios en estudos afíns ás tecnoloxías da información e das comunicacións. Será mañá mércores, 9 de novembro, de 16:00 a 19:00 h, e na actividade analizaranse as trazas que quedan nas imaxes despois de manipulalas, como se fan esas manipulacións e de que maneira e con que ferramentas detectalas (presentación e discusión de casos reais).

Simultaneamente tamén mañá terá lugar a **competición “Capture the Flag”**, organizada polo Centro Tecnolóxico Gradient en colaboración coa Cátedra R, que conta con varios retos de Ciberseguridade para que os/as participantes, de maneira individual, poidan demostrar as súas habilidades á hora de resolver problemas relacionados con temáticas como a criptografía, e a esteganografía (mensaxes encubertas ou ocultas en imaxes e noutros elementos), análise forense, recoñecemento... etc. Trátase de resolver o maior número posible de retos nun tempo determinado para obter unha puntuación acorde coa dificultade da proba. O reto da Cátedra R e Gradient vai dirixido a estudantes de ciclo medio e superior de FP e máis a universitarios/as e a alumnos/as de mestrado.

Xa o xoves, a partir das 13:20 h terá lugar a entrega dos **Premios Cátedra R en Ciberseguridade UVIGO-UDC de 2022** para os traballos académicos a nivel **Grao, Mestrado, Doutoramento** e, coma novidade este ano, un premio á **colaboración coa empresa** na área da Ciberseguridade e no ámbito do Sistema Universitario Galego (SUG). A relación é a seguinte:

- _2 premios de Traxectoria Fin de Grao: 300 € cada premio
- _2 premios de Traxectoria Fin de Máster: 400 € cada premio
- _1 premio ao traballo de investigación en Tese Doutoral: 700 €
- _1 premio ao traballo de investigación en colaboración coa empresa: 800 €
- _2 premios reto Cátedra R & Gradient: 700€ e 300 € respectivamente.

Ciberseguridade: necesidade das pemes, prioridade de R

A seguridade dos sistemas e a protección dos seus datos converteuse nunha prioridade para as compañías galegas, tamén pequenas e medianas, cada vez máis conscientes de que un ciberataque pode supor igualmente para elas grandes perdas de información, de recursos e mesmo de reputación; de aí a importancia de dispor dun **acceso a internet dotado de solucións de ciberseguridade avanzada** que farán máis seguros os dispositivos e a información sensible e fundamental do negocio.

A área de empresas de R traballou para responder as necesidades detectadas neste terreo tan sensible da Ciberseguridade, con solucións específicas para cada caso, non só nas grandes corporacións senón tamén nas pemes do territorio; e a día de hoxe son **máis de 7.000** os negocios que dispoñen do servizo de **ciberseguridade pemes de R**. Entre as súas vantaxes, o soporte dun experto dixital e medidas adaptadas para protexer a rede, os dispositivos e os datos do/da cliente/a empresarial fronte a ataques de virus e *malware*.

Obxectivos aliñados para seguir traballando conxuntamente

Coa súa presenza activa e como patrocinadora VIP e estratéxica desta segunda edición de CIBER.gal, a Cátedra R ratifica a súa aposta mantida por seguir traballando conxuntamente con institucións públicas e privadas na divulgación de coñecemento e experiencia sobre Ciberseguridade, profundando nos seus riscos e ameazas, desafíos e solucións. Porque esta xa se converteu nunha materia esencial e ineludible na conxuntura actual, e vai requirir aínda máis, se cabe, a nosa atención para tentar garantir o maior grao de seguridade posible a persoas e empresas nun mundo cada vez máis dixitalizado a todos os niveis.

Inserción nas actividades e máis información sobre o evento en:
https://catedrarciberseguridade.com/cybersec_es

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal